



Estimadas familias:

Unha vez recibida a información da Consellería de Sanidade sobre os novos protocolos de xestión epidemiolóxica ante a aparición de casos de COVID-19 en centros educativos, destacamos a continuación os aspectos principais a ter en conta:

Ante a aparición dun caso positivo no ámbito familiar debes seguir as indicacións xa existentes para a poboación xeral. Se o alumno/a é contacto estreito dun positivo familiar debe gardar corentena, agás os vacinados/as con pauta completa e ou aquelas persoas que superaran a infección por COVID-19 nos últimos tres meses.

No ámbito escolar recibimos estas novas indicacións:

- Cando un alumno/a é positivo por COVID-19, ben por unha PCR, ben por proba de antíxenos realizada polos servizos de saúde ou ben por un autotest de antíxenos realizado na casa, a familia deberá:
 - Comunicalo ao teléfono 881 54 00 45 ou cubrir o formulario de declaración responsable de autotest positivo nesta [ligazón](#).
 - Comunicalo ao teléfono do CRA: 618 554 594 -mensaxe e/ou chamada- ou ben ao teléfono da escola para falar coa titora.
 - Os casos confirmados de positivo por COVID-19 deberán permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo, e sempre que non tiveran síntomas durante polo menos os 3 últimos días da infección, poderán reincorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento. Non se requirirá en ningún caso proba algunha para reincorporarse ao centro. A reincorporación non poderá realizarse cando aínda se manifesten síntomas.
- A partir de agora non se identificarán os contactos estreitos no dun caso positivo por COVID-19 no centro, polo que non se realizará corentena agás nos casos de alumnado especialmente vulnerable por motivos de saúde. Os compañeiros e compañeiras da escola non serán notificados como contactos estreitos dun caso positivo. O centro informará preferentemente a través da app ABALAR MÓBIL ou a través dos grupos de mensaxería, como é habitual, a aparición dun caso positivo na escola para que realicedes unha vixilancia dos menores durante un período de 10 días non que cabe destacar a necesidade de:
 - Extremar as medidas de prevención.
 - Evitar o contacto con persoas vulnerables.
 - Reducir as interaccións sociais non esenciais.
- Sempre que haxa un 20% ou máis de casos positivos nunha aula ou escola, o centro poñerá en contacto coa Central de Seguimento de Contactos (CSC 981 21 90 16) e serán eles quen tomarán as decisións pertinentes.

O alumnado en corentena será atendido de forma telemática, como indica o Plan de Continxencia do Centro. O Colexio atenderá de maneira online ao alumnado confinado, aos contactos estreitos e a aquel alumnado que presenta síntomas pero que aínda no realizou unha das probas de confirmación de positivo. Neste caso, recomendámosvos realizar unha proba de autotest ou acudir a un dos puntos habilitados polo SERGAS como o do [recinto Feiral de Pontevedra con cita previa](#).

Apelamos máis que nunca á responsabilidade individual polo ben de toda a Comunidade Educativa.

Moito ánimo ante esta situación e grazas pola vosa colaboración.